

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A CESIÓN DO USO DE DIVERSAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

Esta Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais que é o órgano da Administración autonómica que segundo o artigo 19 do Decreto 147/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ten atribuído a dirección, coordinación, o control e a execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, promoción de emprego de calidade e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á Consellería.

Finalidade

Para os efectos sinalados, formalizouse co Organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18/10/24 ata o 17/10/2028.

Obxecto

O convenio ten por obxecto, establecer os termos e condicións aplicables para o emprego por parte da Comunidade Autónoma de Galicia das aplicacións informáticas seguintes:

- a) Aplicación ARIADNA, dirixida á tramitación electrónica do procedemento sancionador na orde social.
- b) Aplicación Ley 45 que inclúe entre outras funcionalidades, as seguintes:
 - O Rexistro central de comunicacións de desprazamento, que permite á Comunidade Autónoma a recepción e xestión das comunicacións de desprazamento previstas no artigo 5 da Lei 45/1999, de 29 de novembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.
 - A notificación de accidentes de traballo de traballadores desprazados, á que se refire o artigo 6.4 da citada lei, que permite ás empresas notificar á autoridade laboral os



danos para a saúde dos traballadores desprazados que se produciran con ocasión ou por consecuencia do traballo que se execute en España. e

Fundamento

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Este convenio ten natureza administrativa, conforme ao establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Por outra banda, as cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación e aplicación deste convenio someteranse aos Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Financiamento

O presente convenio non contén ningunha contraprestación económica para as partes, nin para o Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, nin para a Comunidade Autónoma de Galicia e, por tanto, non dará lugar a ningunha repercusión orzamentaria para as partes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, documento asinado dixitalmente.

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

